

# **AUGUSTO ASSÍA NA «BATALLA DE INGLATERRA»**

**Ramón Villares**

Catedrático emérito da Universidade  
de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/etragsgm.2022.007](https://doi.org/10.17075/etragsgm.2022.007)



Augusto Assía é o pseudónimo empregado por Felipe Fernández Armesto para asinar as súas crónicas e artigos de prensa durante máis de sesenta anos. A inmensa maioría deles foi publicada en *La Vanguardia*, un xornal fundado en 1881 pola familia Godó, na cidade de Barcelona. Nesta cabeceira foi onde naceu o nome literario adoptado por Fernández Armesto, coa súa primeira crónica enviada desde Berlín no mes de xullo de 1929, asinada cun nome extraído dunha obra literaria de Pío Baroja. Desde aquela data, comezou a historia particular do que Armesto chamaría «una asociación única dentro del periodismo español», isto é, a unión entre un medio de comunicación, unha familia que dirixía a empresa e un xornalista que escribiu milleiros de artigos de tema internacional ao longo de seis décadas. Durante catro desas seis décadas, aquelas crónicas foron escritas ao pé de obra desde diversos lugares do mundo e, máis concretamente, desde Berlín, Londres (en dúas etapas), Nova York e Bonn. El nunca foi un cronista de guerra, senón un analista que, desde lugares centrais da historia do século XX, pretendía facer intelixibles para os seus lectores os acontecementos vividos. Isto converteu a Augusto Assía no «príncipe» dos correspondentes españois, nun século en que a globalización da información experimentou un constante incremento.

Dado que este encontro está dedicado a analizar a relación coa Segunda Guerra Mundial, alén da posición estratéxica que puido representar o noroeste peninsular para os dous bloques bélicos, tamén abre a posibilidade de prestar atención a figuras galegas que pasaron en Inglaterra a contenda bélica. Algunhas fixérono na condición de exiliados políticos, entre os que se pode citar a Santiago Casares Quiroga ou a Salvador de Madariaga, cun protagonismo moi limitado. Outros tiveron maior relevancia, como Fernández Armesto, que, sendo xornalista de orixe galega, contou a Guerra Mundial nun xornal que se editaba en Barcelona. Armesto era xa, naquela altura, un xornalista de ampla experiencia, forxada en Galicia coas súas páxinas de temática universitaria en *El Pueblo Gallego* de Vigo ata 1929 e, despois, co seu ingreso en *La Vanguardia*, primeiro no Berlín da fase final da República de Weimar e de ascenso do nazismo e, desde 1933 a 1936, como xornalista no Londres que, alén de ser capital do Reino Unido, estaba a substituír a París ou Berlín como verdadeira cidade transnacional europea, capital dun extenso imperio e con estreitas relacións coa potencia emerxente, os Estados Unidos de América.

A actividade de Assía durante os anos da Guerra Mundial foi intensa e, sobre todo, permanente, como único correspondente de *La Vanguardia* que permaneceu toda a guerra no mesmo lugar. Por esta razón, vou reducir o período cronolóxico analizado aos primeiros anos da contenda, aqueles que se coñecen como a «batalla de Inglaterra», na que realmente fixo de engra na que petaban os pesados martelos dos bombardeos nazis. O método seguido vai ser o de contrastar a evolución da contenda coa orientación dos artigos escritos por Assía, deixando fóra da nosa ollada non só a segunda fase da guerra, senón tamén varios trazos biográficos daquel rapaz nacido na Mezquita, estudante universitario en Compostela e, desde 1928, lector da Universidade de Berlín e, ao pouco tempo, correspondente internacional. A súa biografía tivo varias fases e non pequenas zonas de ambigüidade, que o levaron a varias derivas ideolóxicas, desde un vago galeguismo a unha breve militancia comunista, para virar de novo cara a unha posición liberal que, durante a Guerra Civil española, xira en franca adhesión ao bando franquista. Despois de chegar a Londres por segunda vez, iría de novo virando cara a unha tenaz anglofilia que lle permitiu dotarse dunha identidade específica no contexto político español de entusiasta xermanofilia, polo menos ata que foi evidente que as potencias do Eixe perderían a guerra.

## DE BARCELONA A LONDRES

Antes de se instalar en Londres por segunda vez, Assía desenvolve o seu traballo de analista internacional nas páxinas de *La Vanguardia* desde a redacción en Barcelona, tratando de lograr a cuadratura do círculo: que os rumbos cara á paz en Europa, xa anunciados pola vitoria militar de Franco, eran coincidentes cos que defendían Alemaña e Italia e que, ademais, as democracias occidentais estaban erradas na súa estratexia de entendemento co réxime soviético. Daqueles meses pasados en Barcelona, hai varios artigos de Assía que marcan algunhas liñas de interese, ao falar decote das bondades da política de «pacificación» proposta desde a reunión de Múnic en setembro de 1938. A palabra «paz» era daquela moi socorrida, ata o punto de que diversas visitas diplomáticas de líderes europeos, xeralmente do bloque nazi-feixista, son consideradas como xestións en favor da paz, como subliña o artigo de Assía «Fiebre viajera alrededor de Europa». Como contribución á

paz de Europa é interpretada a ocupación de Checoslovaquia por parte de Hitler, «sin pegar un solo tiro», engadindo unha mención ao tratado de Versalles, que «durante veinte años constituyó uno de los más graves y continuos peligros contra la paz» (LV, 16.3.1939). Esta era tamén a opinión da redacción de *La Vanguardia*, que, baixo o título de «Nota de actualidad», estaba ao coidado de Santiago Nadal. Nesta sección remáchase a interpretación poucos días máis tarde, ao insistir en que a desaparición de Checoslovaquia era xusta, en tanto creación artificial dos «estadistas demoliberales» nos tratados de paz da primeira contenda mundial (LV, 18.3.1939). En coherencia con esta interpretación está o enfoque que Augusto Assía fai dos pactos entre Alemaña e Italia, «un gran instrumento de paz» (LV, 23.5.1939), e, sobre todo, do pacto Ribbentrop-Mólotov, de agosto de 1939, que deixou pampa á opinión pública occidental pero que, en cambio, a prensa española saudaría con grande entusiasmo, tanto en Madrid como en Barcelona.

Para o experto de *La Vanguardia*, aquel acordo xermano-soviético supoñía a rotura da fronte política das democracias, que levaban tratando de asinar un acordo coa URSS durante catro meses e que agora, coma se fosen «muñecos del circo», quedaron totalmente noqueadas (LV, 23.8.1939). O prognóstico é claro, pero equivocado: da «paz forzada» estíbese transitando cara a unha «paz tratada», tendendo deste modo un cordón sanitario ás tentativas bélicas en Europa, que, como é sabido, tardaron unha semana en desencadearse. As culpas foron cargadas sobre Polonia ao proceder á mobilización xeral, que, deste modo, creou unha «bóla de neve» que comezou a rodar ás poucas horas de que os lectores lesen este artigo en *La Vanguardia* (LV, 31.8.1939). O resto é o principio dunha guerra que ninguén sabía como evolucionaría pero que, desde a perspectiva do réxime franquista, estaba en concordancia coa política do Caudillo, de «paz» e de cruzada «antibolchevique». O propio xeneral Franco estaba tan persuadido pola ilusión da paz que, no mesmo día que Polonia estaba a ser invadida por Alemaña, asegurou nunha entrevista mantida co embaixador portugués Pedro Theotónio Pereira que, para a súa sorpresa, non habería guerra (Preston 1994: 423).

Desde a perspectiva da prensa española da altura, da que Assía non parece separarse, os líderes occidentais estaban equivocados, tanto un Winston Churchill, que define como un «extraño y fantasioso inglés» (LV, 5.9.1939), como un Franklin D. Roosevelt, a quen acusara meses antes de ter «sed de inmortalidad» por aspirar a un terceiro mandato presidencial (LV, 2.3.1939). Pola contra, equipara a Franco

con Filipe II como artífice do novo «prestigio de España» e Galeazzo Ciano é saudado por Assía, en vésperas da súa visita a España, como «una de las figuras más señeras de la Europa contemporánea» (LV, 9.7.1939). O cronista de *La Vanguardia* estaba na liña marcada polo Goberno franquista, daquela con hexemonía dos falanxistas do «cuñadísimo» Ramón Serrano Suñer, que impoñía unha liña informativa moi favorable aos países do Eixe, como observou ao pouco de chegar o embaixador inglés en xuño de 1940: «los alemanes llevan aquí un control completísimo de los medios de comunicación» ata o punto de que «la prensa española sólo publica monótonas repeticiones de propaganda nazi», xeralmente inspiradas por Hans Lazar, secretario de prensa da embaixada tudesca (Hoare 1977: 32-33).

## UN PROLÍFICO CRONISTA EN LONDRES

As crónicas escritas por Augusto Assía desde Londres no período da Segunda Guerra Mundial foron preto de seiscentas (polo menos as que son accesibles na hemeroteca de *La Vanguardia*), alén de breves notas e mencións singulares dos seus libros. A este continxente poderían engadirse as enviadas desde San Francisco, onde cubriu o acto fundacional das Nacións Unidas, ou as escritas a propósito dos xuízos de Nürnberg, en 1946. De todas elas, só unha parte foi recollida en dous coñecidos libros publicados anos máis tarde, xa coa guerra acabada (*Cuando yunque, yunque*, 1946; *Cuando martillo, martillo*, 1947), nos que aparecen textos que, en cambio, non figuran na hemeroteca do xornal onde inicialmente foron publicados. Os contidos dos libros foron organizados con criterio vagamente cronolóxico pero diferente ordenación temática, porque a escolla dos textos foi feita polos editores, que recolleron apenas unha cuarta parte do que, en cálculo do autor, sería un «millón de palabras», isto é, «una parte esquemática de la pléyade que la radio y el cable volcaron noche tras noche sobre *La Vanguardia*» (Assía 1946: 8). Os contidos incluídos nestes dous volumes reflicten en liñas xerais o discurso expreso e mesmo oculto do cronista: contar a guerra desde a perspectiva militar e política e, alén diso, rexistrar a vida diaria da poboación londiniense (e inglesa) para explicarlle ao lector español o funcionamento da política e das institucións do Reino Unido (palabra que apenas emprega o cronista, que prefire a de Inglaterra) e do seu enorme imperio, ao que dedica centos de referencias.

Unha parte deste traballo xa fora realizada durante a súa primeira estada en Londres, que se pode seguir no libro *Los ingleses en su isla* (1943), no que se recolle o substancial daquelas crónicas, así como os trazos biográficos de varias figuras relevantes en *Vidas inglesas* (1944). Pero, dado o contexto político daquel período, predomina nos artigos enviados polo «redactor-correspondente» un ton máis ben sociolóxico e cultural e neles aproveita para establecer comparacións coa Alemaña que acababa de abandonar e coa España para a que escribe. Así, ocúpase de explicar a néboa londiniense ou a afección ás apostas, pero tamén da «preservación de lo rural» e da importancia da paisaxe ou do gusto polas viaxes de turismo e dos seus destinos preferidos: «Toda España es Villagarcía», escrito ao pouco de deixar Alemaña (LV, 21.12.1933), é unha chiscadela a unha Galicia que empezaba a recibir turistas. Os últimos textos escritos en Londres, en xaneiro de 1936, son dous longos artigos dedicados, de forma talvez premonitoria, ao inzamento da espionaxe en Europa, calculando que foran sorprendidos o ano anterior, sobre todo en Alemaña, «cerca de 500 espías», dos que 37 foran «ejecutados», o que considera unha novidade «en tiempos de paz» (LV, 21.1 e 7.1.1936). Pero a política non é un tema forte, por máis que analiza en diversas ocasións a situación do laborismo inglés e explica demoradamente «como se gobiernan los ingleses», cal é o papel do Parlamento, da Coroa e dos partidos. A escrita de Assía adquire daquela unha clara madurez, con textos longos e ben informados, adobiados de citas literarias que tiñan como obxectivo tanto informar como educar aos seus lectores.

Alén do valor literario, as crónicas desta segunda xeira londiniense adquiren uns trazos algo diferentes, ao tentear as reaccións da sociedade e das institucións perante o desafío que suscitou unha guerra na que, en calquera das súas fases, o Reino Unido nunca deixou de ser un protagonista principal, fose engra («yunque, yunque»), fose martelo («martillo, martillo») ou fose zurcidor do mundo de posguerra de bloques e das «nacións unidas». Deste enorme arsenal informativo, non é posible dar conta de todo, de modo que me vou ocupar de marcar os contidos máis relevantes e sinalar os puntos de vista e mesmo o estilo que acaba por definir o traballo do correspondente Assía. Desde logo, a través dos cronistas de *La Vanguardia* podería seguirse con proveito o curso enteiro da Guerra Mundial, das súas principais batallas e dos grandes protagonistas, pero tamén a percepción oficial que os gobernos e diplomáticos achegan aos cronistas e as reaccións populares perante as noticias chegadas da fronte béli-

ca. Ollada de preto a situación de Inglaterra, ocúpase do exercicio da política institucional, as limitacións producidas por racionamentos e perdas materiais e, tamén, os modos de se comportar na vida diaria do que Assía denomina, en vontade de estilo, as actividades de *John Bull*, nome que encarna un imaxinado *ordinary people* que, a cada pouco, o cronista sorprende nas súas rutinas diarias, nos leceres de *weekend*, na indiferenza perante batallas perdidas e gañadas e na confianza invariable sobre o seu futuro.

## A BATALLA DE INGLATERRA

Unha vez trasladado a Londres, o ton dos artigos de Assía sería algo máis temperado, ao estar obrigado a non desentoar da posición oficial do Reino Unido, que, sen abandonar aínda a política de pacificación, tiña que aceptar o compromiso de «morrer por Dantzig» ou, polo menos, apoiar politicamente a causa polaca. Augusto Assía non se instala en Londres ata decembro de 1939, a onde chega «tras pasar por vigésima vez el Canal», segundo conta na crónica do tres de decembro daquel ano, logo recollida en *Yunque* (Assía 1946: 11). Comeza a enviar as súas crónicas, escritas con menos virulencia que as que glosaba en Barcelona, aludindo á serenidade con que vive a situación o pobo británico (*John Bull*), mentres que, nun escenario máis afastado, enaltece a «estampa elocuente» que ofrece a resistencia de Finlandia á invasión por parte da URSS, considerada como exemplo de «lucha contra el comunismo», como fora a Guerra Civil española (LV, 12.12.1939). Alén da loita ideolóxica, hoxe sabemos que a táctica bélica dos finlandeses e do seu xeneral Mannerheim foi hábil e logrou asestar ao exército de Stalin «un desagradable y duro golpe» (Beevor 2017: 69).

Antes da batalla de Inglaterra, as fronteas de guerra levaban abertas nove meses. O exército alemán repartira Polonia coa URSS, ocupara algúns territorios da *Mitteleuropa*, iniciara unha guerra submarina no mar do Norte e no océano Atlántico e tratara de conquistar Dinamarca e Noruega, que tiñan un elevado valor estratéxico para obter recursos básicos para a maquinaria bélica, como o ferro sueco, do que tiña a «chave de saída» o porto noruegués de Narvik (Beevor 2017: 107), ao que Assía dedica algúns artigos. De todo isto ocúpase, por veces con algo de desgana, o cronista Assía, pero prefería falar de asuntos da vida cotiá inglesa, da



indumentaria dun *gentleman* ou das consecuencias da «guerra-fantasma», que era só verdade nas costas de Noruega e en Finlandia pero que aínda non chegara de verdade a ser percibida como tal en Londres nin mesmo en Francia, que viviu durante moitos meses a chamada *drôle de guerre* ou guerra boba. A viraxe foi drástica coa decisión do III Reich de invadir, na primavera de 1940, os países do occidente europeo. Primeiro, Holanda e Bélxica para, en poucas semanas, lograr que Francia, o seu vello inimigo e vencedor en 1918, capitulase nun desastre nacional de tal calibre, que o historiador Marc Bloch definiría como *L'étrange défaite* ou, en sentido análogo, *Agonía de Francia* por parte do xornalista español Manuel Chaves Nogales.

«Hemos perdido la batalla. Nos han vencido» foron as palabras do presidente francés Paul Reynaud cando telefonou ao *premier* británico Winston Churchill, para dar conta de que o exército nazi rompera a fronte francesa en Sedán, lugar con fortes ecos da guerra franco-prusiana. A esperanza francesa era que a Gran Bretaña socorrese a Francia, pero a chamada chegaba a destempo, por máis que se sabe que a opinión pública inglesa «enmudeció horrorizada» cando soubo da rendición francesa (Beever 2017: 139 e ss.). A caída de Francia puxo en garda ao Reino Unido, xa reforzado coa formación dun goberno de unidade nacional ou «Gabinete de guerra» presidido por Winston Churchill, que era un manifesto opositor á política de pacificación ou pacto con Alemaña. Era a resposta que, a xuízo de Assía, daba Londres perante «la situación más grave por la que el Imperio ha pasado», tomando palabras literais do antigo *premier* Lloyd George pronunciadas na Cámara dos Comúns (LV, 14.5.1940).

A epopea da retirada de Dunquerque sería un alivio para a sociedade inglesa e todo un éxito do recentemente estreado Goberno de Churchill. Na súa crónica, Assía aproveita para denominar aquela retirada como unha «epopeya» digna de comparanza coa «línea Coruña», en lembranza da retirada do xeneral inglés John Moore, quen, perseguido polas tropas napoleónicas, lograra salvar o embarque do exército inglés, malia que el morrería ás portas da cidade herculina, onde sería soterrado en 1809 nun «cementerio romántico» da cidade vella, que foi logo merecente dun «épico soneto de Rosalía grabado en bronce», en palabras do propio cronista (LV, 1.6.1940). Esta comparanza estaba moi presente na sociedade inglesa, segundo se pode apreciar nas memorias do embaixador Samuel Hoare, quen, non obstante, lle atribúe ao ministro español Juan Beigbeder a frase de

que «Dunquerque era outra Coruña» (Hoare 1957: 68). Dunquerque non tivo poeta que o cantase pero gozou dalgunhas condicións favorables, como o estado calmo das augas do Canal e unha masiva contribución de pequenas embarcacións que transportaron á illa moitos miles de soldados, como se narra na película de William Wyler *Mrs. Miniver* (1942), inspirada nunha novela, escrita anos antes por Jan Struther, sobre a vida cotiá nunha vila costeira inglesa.

Entre a infinidade de temas sobre os que escribe en Londres durante o ano 1940, cómpre salientar os relativos á propia evolución da Guerra Mundial, que, desde a capitulación de Francia, se cebou de forma directa sobre a cidade de Londres, mediante un sistemático ataque da *Luthwaffe* alemá ao que, con algunhas dificultades iniciais, respondeu con éxito a forza aérea inglesa. Foi unha verdadeira batalla, desencadeada polos nazis na segunda metade de 1940, para lograr do Reino Unido unha capitulación parecida á lograda con Francia ou, en todo caso, debilitar o seu potencial militar para acordar unha paz por separado, na que Alemaña exercería o liderado da Europa continental e ficaría o Reino Unido como dono dos mares. Pero a resistencia impúxose a calquera hipótese de pacto e menos de rendición.

A capitulación de Francia deixara moitas secuelas na política e na opinión pública inglesas, pero foi contada de forma diversa pola prensa española e, concretamente, pola rede de cronistas de *La Vanguardia*: o correspondente en Berlín, Ramón Garriga, viaxa a Francia para dar conta dun «paseo sentimental» polas rúas e edificios de París en unión das tropas alemás (tal como «entusiastas turistas»), que acaba no Salón dos Espellos de Versalles —de novo, simbólica evocación de 1870 e 1919—, mentres que o correspondente en Francia, Francisco Lucientes, anuncia desde a rexión de Bordeos que «la guerra continental ha terminado». Desde Londres e de modo máis comedido, Augusto Assía pregúntase «si los políticos ingleses no habrían podido hacer algo más por Francia» (LV, 19.6 e 25.6.1940). A este remorso ao que alude Assía hai que engadir a percepción que o «inglés medio» tivo das consecuencias da capitulación francesa: que a invasión da Gran Bretaña podía ser anunciada en calquera momento polos sinos das igrexas londinienses e que podería cumprirse a profecía de Hitler lanzada no *Reichstag* berlinés de lograr a «destrucción del imperio británico», segundo conta o correspondente Garriga nas páxinas de *La Vanguardia* (LV, 4.8.1940).

Pero a prensa española fai en xeral unha lectura despectiva e nada anglófila da capitulación francesa, da que son extraídas «morablejas», como titula un editorial de *La Vanguardia* para consumo doméstico: a caída de Francia é consecuencia da «biológica degeneración de este réximen: el Frente Popular» e naquel desastre, como se fose un arremedo de Franco, só é salvada a figura de Philippe Pétain. O militar francés é visto como «gran caballero e gran soldado» que salva o honor da patria, coa complicidade española: «Alemania victoriosa y España mediadora» é o gran titular do xornal para aquela xornada (LV, 18.6.1940). Comentarios parecidos aos de *La Vanguardia*, con ou sen sinatura, aparecen en influentes diarios e revistas españoles da altura, desde os madrileños *ABC*, *Arriba* ou *Mundo* ata os barceloneses *Solidaridad Nacional* ou *Destino* (Arañó / Vilanova 2008: 172-197). O pacto de Pétain con Hitler, animado por unha anglofobia coa que tamén simpatizaba claramente o réxime franquista, só logrou salvar a Mariña francesa (anos máis tarde, parcialmente fundida a propósito no porto de Toulon) e as extensas colonias ultramarinas que, tempo andado, serían a rampla desde a que comezaría a «Francia libre» do xeneral De Gaulle a recuperar posicións entre as forzas aliadas. Alén diso, a caída de Francia e o posterior armisticio asinado por Pétain cos nazis propiciaron que a cidade de Madrid se convertese nun centro de información e «lugar obrigado de las discusiones anglo-francesas», dadas as boas relacións do moi xermanófilo embaixador español en París, Félix de Lequerica, tanto co nacente réxime de Vichy como coa Alemaña nazi (Hoare 1977: 87). Curiosamente, Assía non envía información (ou non foi publicada) sobre este papel de intermediación diplomática de España nin tampouco sobre algunha das consecuencias máis directas da hecatombe francesa, como foi a reivindicación do Xibraltar británico e do Marrocos francés por parte de Franco e a posible entrada da España na guerra a carón de Alemaña e Italia no momento en que «Inglaterra estivera al borde del colapso» (Preston 1994: 515).

Assía centrouse na batalla de Inglaterra e na resistencia do pobo inglés aos ataques aéreos. Comezaba o bombardeo sobre Inglaterra como último paso da *pax germanica* que Hitler quería establecer no continente. Augusto Assía contará aquela batalla con certo detalle nas súas crónicas e notas de axencia, aínda que non asistiu aos primeiros ataques que o propio Hermann Göring observaba desde os acantilados de Calais, no mes de setembro daquel ano (Beevor 2017: 198). Cando se reincorpora ao seu traballo de correspondente, despois dunha estadía en

Irlanda, encóntrase co punto máximo dos ataques aéreos alemáns sobre Londres, que provocaron «nubarrones pesados», un «ambiente dramático» pola escaseza de refuxios antiaéreos e un «infierno de cenizas» que se precipita sobre a capital británica. Son expresións de Assía, que, dentro deste ambiente pesimista, non aforra ningunha nota costumista, como a dedicada ao «pantalón femenino», prenda especialmente útil para o traballo e para alcanzar máis comodamente os refuxios antiaéreos por parte das mulleres (LV, 22.9.1940). E tampouco se esquece de criticar aos perdedores da guerra de España: aqueles «milicianos rojos» perdidos no fondo do metro londiniense, mentres que os seus «gerifaltes que hace unas semanas andaban brujuleando por cafés y cabarets» están agora refuxiados «en una aldea del centro de Inglaterra». Estaba a falar do embaixador Pablo de Azcárate e do expresidente do Goberno, Santiago Casares Quiroga (LV, 25.9.1940). Alén de negativa, esta é unha das poucas mencións que Assía fai dos moitos exiliados republicanos que daquela moraban no Reino Unido, nomeadamente vascos e cataláns, e tampouco consta que tivese unha relación moi estreita co galego Salvador de Madariaga, que máis que exiliado era vello residente en Oxford.

A batalla aérea de Alemaña contra Inglaterra foi intensa, pero non logrou o obxectivo da rendición, e rexistrouse algunha tranquilidade nas noites londinienses a finais do mes de outubro: «la guerra parece haber abandonado Londres momentáneamente», anota Assía, o que mesmo permite manter unha reunión social no Club Español de Londres que acaba cunha «adhesión de la colonia española al Caudillo», promovida polo diplomático Miguel de Lojendio (LV, 25.10.1940). En efecto, despois de varios meses de bombardear Londres, os obxectivos bélicos alemáns viraron cara a cidades máis pequenas (Birmingham, Coventry, Plymouth), o que, a xuízo de estudosos da conflagración, foi un dos varios erros que cometeu Alemaña no curso da Guerra Mundial, o que inclinou a Hitler a pensar que a rendición de Inglaterra podería ser máis viable a través do bloqueo por mar, seguido dunha invasión por terra, que mediante os ataques aéreos (Beevor 2017: 177-202). Para final do ano 1940, os cronistas de *La Vanguardia* xa se mostran máis interesados na dimensión política da guerra, de modo que desde Berlín se insinúa o labor de captación de Inglaterra sobre os Estados Unidos de América, debido ao traballo do «hasta ahora embajador en Londres, mister Kennedy»; desde Londres, tomando pé nun discurso de Churchill, Assía alude a unha «actitud enigmática» do Goberno inglés sobre o futuro de Europa

(LV, 28.11 e 2.12.1940), que podería referirse á estratexia despregada na Península Ibérica para evitar que a España de Franco entrase en guerra, grazas ao labor diplomático do embaixador Samuel Hoare. Porén, en Madrid segue o entusiasmo de Franco e, sobre todo, da Falanxe, pola vitoria nazi sobre Francia, primeiro paso do combate contra as «plutocracias ou democracias decadentes», das que Inglaterra era daquela o principal obxectivo (Preston 1994: 459).

Sen empregar Assía palabras moi precisas, xa estaba implícita a idea de que o Reino Unido, cos Estados Unidos, debería pensar no futuro mundial, mediante algún tipo de organización supranacional. Non obstante, a batalla de Inglaterra aínda non acabara de todo. Nos primeiros meses de 1941, ao paso que se abrían novos escenarios de guerra no mar Mediterráneo e nos Balcáns, seguían caendo bombas sobre a cidade de Londres, que chegaron a converter a City londiniense nun «infierno de cenizas bajo el tapiz de nieve» e afectar ao propio edificio do Parlamento. A vantaxe era que daquelas cinzas «va naciendo una nueva vida», anota un esperanzado Augusto Assía (4.1 e 9.1.1941) que, por outra banda, trata de salientar a capacidade de resistencia do pobo londiniense mediante referencias a comercios e locais que non cerran malia os bombardeos e á valentía da poboación que, a cada hora que escampan os ataques, retorna á normalidade da vida diaria. De feito, a propia crónica que informaba da retirada de Dunquerque acabaría cun parágrafo máis propio de opinión que de información, porque tal operación —sostiña Assía— «ha reafirmado la confianza inglesa en la moral, las virtudes y la destreza de su Ejército [...], confirmándoles en la creencia de que podrán mostrar su verdadera capacidad combativa» (LV, 1.6.1940). Non era fácil confiar na resistencia de Inglaterra cando as tropas de Hitler campaban ao seu gusto polo territorio de Francia.

## A VIRAXE DE 1941

Os escenarios de guerra mudan completamente o panorama bélico durante o ano 1941, mediante dúas operacións diferentes, pero de efectos complementarios. Dunha banda, a operación Barbarroja de invasión da URSS por parte de Alemaña, movemento que non secundou o aliado nipón —que asinara un pacto de «neutralidade» coa URSS meses antes—. E, doutra banda, a concentración do imperio xaponés na expansión polo sueste asiático e no ataque

á escuadra americana, que estaba en Pearl Harbor, lugar que os cronistas traducen, á moda da época, como «Puerto de las Perlas». Estas iniciativas bélicas tomadas por dous relevantes membros do Eixe colocan a guerra nunha dimensión case planetaria pero, para os efectos europeos, teñen unha repercusión directa sobre o Reino Unido e o seu extenso imperio ultramarino. A invasión de Rusia, que se consideraba desde a perspectiva do III Reich como unha ocasión para reordenar Europa baixo unha hexemonía alemá, foi vernizada ideoloxicamente como unha «cruzada europea contra el bolchevismo», o que explica a participación de miles de voluntarios de media Europa nas fronteas de guerra de Rusia (Núñez Seixas 2007: 86 e ss.). Aparecen entón dous tipos de problemas: a) como regular e defender a alianza das democracias occidentais coa URSS de Stalin, que, de repente, pasa a ser un aliado contra o «inimigo común», que son os réximes nazi-fascistas, e b) como integrar os imperios ultramarinos europeos na dinámica da guerra, tanto por parte do Reino Unido como da Francia libre que, con Charles de Gaulle, comezaría a reconquistar posicións mundiais desde o imperio en África e non desde a metrópole, aínda baixo ocupación alemá ou do Goberno colaboracionista de Vichy.

Explicar e mesmo xustificar as relacións das democracias occidentais coa URSS será un tópico constante desde xuño de 1941 ata o final do conflito e, desde logo, durante os anos que preceden á estabilización do bipolarismo da Guerra Fría, a partir de 1947. Para a maioría dos xornais británicos e norteamericanos, a cuestión era clara: o principal obxectivo era derrotar o nazismo sen ningunha posibilidade de pacto ou «paz separada» con Alemaña e moito menos despois do ataque xaponés a Pearl Harbor. Porén, para a prensa española a invasión da URSS abriu unha vía interpretativa diferente, que foi converter a «cruzada» española e a figura do caudillo Franco en heraldo dun novo mundo. Como diría un editorial de *La Vanguardia*, «España precursora», a operación Barbarroja mostraba que existía un elo que unía «la batalla de Europa contra la Rusia soviética» con «nuestra Cruzada de 1936 a 1939» (LV, 24.6.1941). Non son palabras de Assía senón do xornal en que traballa. Durante meses, ata a derrota de Stalingrado, esta sería a tónica dominante da prensa española, que non se recata de falar de cruzada contra o comunismo e de saldar vellas débedas, porque «en Rusia tenemos muchos agravios que vengar», como diría Serrano Suñer nunha «alocución anticomunista» de outubro de 1941, eufórico coa contribución á fronte rusa da *División Azul* orga-

nizada polos falanxistas. Non tiña nada de estraño que, na primeira visita oficial de *sir* Samuel Hoare ao xeneral Franco, aquel advertise que tiña no escritorio «las fotografías dedicadas de Hitler y Mussolini» (Arañó / Vilanova 2008: 311-314; Hoare 1977: 48).

O cronista Augusto Assía compartirá bastante a primeira parte da diagnose, pero non subscribe case nunca a segunda. O desprezo de Assía pola URSS e por Stalin será permanente, mesmo disentindo do moderado *Times*, que respectuosamente lle chama ao xefe soviético «Monsieur Stalin, que viene a ser como decir Monsieur Pemales», en xocosa expresión do xornalista da Mezquita (LV, 5.7.1941). Ao pouco tempo incorpora a idea tan franquista de considerar a invasión da URSS como «cruzada europea contra el comunismo» e fixa a cuestión máis espiñenta de como considerar a Rusia, se «asociada, aliada ou colaboradora», desde a perspectiva dun *John Bull* —metáfora do inglés común— que «se casa con la moza del hostel» (LV, 9.7 e 15.7.1941). Pero estas bromas duran pouco, porque as conversas, polo de agora só telefónicas, de Winston Churchill con Franklin D. Roosevelt comezan a producir efecto, ata o punto de que «el Tío Sam se hace el amo» da política británica e mesmo da vida diaria da poboación inglesa, que agora expresa ante os ianquis «la misma reverencia con que las gentes coloniales buscaron durante centurias la amistad de los ingleses» (LV, 19.7.1941).

A conclusión é que todo se explica como un máis dos paradoxos provocados polo conflito mundial, ata o punto de ser algo inaudito que unha Inglaterra «constitucional y aristocrática» estea aliada con «la Rusia republicana y proletaria» ou que, nas propias rúas londinienses, se perciba un «odio a todo lo alemán» onde antes gustaban de oír falalo na rúa. A perspicacia de Assía permítelle dicir aos seus lectores españoles algo para o que non estaban oficialmente preparados: que no futuro «no sólo será imposible toda paz negociada», senón que o pobo inglés apoiará continuar a guerra «sea como sea» e, se é necesario, formar unha alianza do Reino Unido con América do Norte e Rusia que, como unha nova «Santa Alianza de 1815», suporía entregar a Europa oriental a Rusia (LV, 2.8.1941). A sección de «Internacional» de *La Vanguardia* era moito máis contundente neste punto e, tempo máis tarde, proclama que, «aunque Rusia sea vencida», ficará pendente a tarefa de arrancar de Europa a «mala semilla» que se advirte en países de «régimen democrático» e «política claudicante» como Inglaterra, «que están jugando con fuego» (LV, 6.10.1942).

Retornemos a un tempo anterior, no que estaba a xestarse esa «gran alianza», tan distinta da de Viena de 1815. Nos meses de agosto e setembro de 1941, mentres en España se seguía con entusiasmo o avance da *Werthmacht* polas chairas orientais en dirección a Leningrado, Moscova, o Cáucaso e o mar Caspio, incluída a decisión de formar a chamada *División Azul* para unirse á fronte rusa (Núñez Seixas 2016), a diplomacia anglo-norteamericana comezou a tecer unha forte alianza mutua, a través da logo coñecida como «Carta do Atlántico», que, moi axiña, terá un complemento coas conversas realizadas en Moscova. O bloque dominante da posguerra comezaba a deseñarse, pero antes era preciso evitar a derrota perante a forza expansiva dos nazis e, desde Pearl Harbor, dos xaponeses. Durante a segunda metade do ano 1941, as crónicas de Assía, ao contrario dos seus colegas de Berlín e Roma, ocúpanse pouco do curso militar da guerra na fronte do leste. O seu foco de interese está na política de alianzas e de conferencias (políticas, económicas e militares) do bloque «angloyanquisoviético», do que fala por vez primeira en outubro daquel ano, mentres que desde a redacción de *La Vanguardia* se critica o «entusiasmo soviético de los anglosajones», postura que cualifican de «híbrido contubernio inútil» (LV, 3.10.1941). O resultado máis apreciable, para o Reino Unido, foi o apoio dos Estados Unidos antes de se declarar país belixerante, a través da «Lei de préstamos e alugueres», que facilitou envíos tanto de inmensos recursos bélicos como de alimentos, por exemplo aqueles «chorizos alugados» [oriúndos dos Estados Unidos] que descobre o cronista nas tendas londinienses aos poucos meses de se aprobar aquela lei (LV, 4.11.1941). Da admiración dos británicos polos soviéticos ocupárase Assía de modo intermitente ata o final da guerra, mostrando —quizais para consumo interno do público español— que non era quen de entender «estos neófitos adoradores que le han surgido al Soviet en Inglaterra desde hace un año», ata o punto de que se podía criticar abertamente a Churchill, pero non ao «bondadoso y patriarcal Stalin» (LV, 5.8.1942). A ferida do anticomunismo seguía a sangrar.

Coa entrada en guerra do Xapón e dos Estados Unidos, en decembro de 1941, o panorama político cambia os escenarios da guerra, pero non muda substancialmente para a diplomacia política e bélica do Reino Unido. Assía faise eco da situación do «Pacífico en guerra» e da grande ofensiva nipoa sobre Hong Kong, Malaisia, Singapur e mesmo Birmania, pero non se esquece do que denomina «gran plan» dos ingleses, que «Alemania sigue siendo la principal potencia ene-



miga y su frente en Rusia el punto neurálgico de esta guerra», de modo que a resistencia rusa é considerada un factor estratéxico para as democracias occidentais (LV, 17.12.1941). Pero a entrada do Xapón na guerra abriu outros lugares de conflito e mesmo outros desafíos que, desde o outeiro de Londres, teñen que ver esencialmente co imperio ultramarino británico. Desde xaneiro de 1941 e durante varios meses, o cronista Assía presta máis atención ao que acontece na India ou no Extremo Oriente que á loita titánica dos soviéticos contra os alemáns, cuxo obxectivo principal é dominar a zona montañosa do Cáucaso, que se converteu nunha verdadeira «obsesión» de Hitler e do exército alemán, para chegar por terra aos pozos petrolíferos do mar Caspio e de Oriente Medio.

## GUERRA NO IMPERIO

Ás poucas semanas de se producir a *blitzkrieg* no Extremo Oriente, o protagonismo do imperio británico é cada vez maior nas crónicas de Assía, que deixa de ocuparse claramente da guerra en Europa para dirixir o seu interese cara a asuntos máis políticos: conferencias, mudanzas de gobernos, plans para o futuro (como veremos máis adiante) e, de modo moi preciso, para os territorios do imperio, sobre todo na India. Nos meses de xaneiro a marzo de 1942 analiza para os seus lectores o asunto da India británica e da Insulindia holandesa, sen deixar de reflexionar sobre os paradoxos da «política imperial británica», que define como un caso único «donde la diversidad de Gobiernos [metrópole e dominios] ofrece al individuo amplia elección de lealtades, todas bajo la misma corona» (LV, 21.3.1942). O exemplo da India é, con todo, o mellor espello para entender aquela complexidade pois, sen ser oficialmente un dominio, ten unha relevancia extraordinaria para a política británica no continente asiático. Despois de presentar a diversidade e amplitude demográfica, relixiosa e política da India, Assía anota que «los periódicos británicos han dejado de tratar a la India como un tema pintoresco» (LV, 8.1.1942), tema sobre o que volve un mes máis tarde nun intento de explicar a «cuadratura do círculo» da política que había que seguir coa India: para lograr a súa colaboración coa metrópole no conflito mundial —como fixeron na Primeira Guerra e continuaron a facelo na Segunda Guerra Mundial os catro dominios—, o dirixente do Partido do Congreso, Pandit Nehru, sostíña nunha «revista ianqui» que era precisa a súa conversión en dominio

do imperio: «Yo no quiero ni deo de querer que la India se separe del Imperio británico, lo que yo quiero es que los indios puedan decidir si la India ha de seguir o no pertenciendo al Imperio» (LV, 27.2.1942).

Un exemplo extremo da complexidade da política india foi dado pola posición política de Gandhi e a súa estratexia da «resistencia pasiva», que complicaba a defensa daquel subcontinente perante unha probable invasión xaponesa. A tensión foi cada vez maior, sobre todo ao anunciar Gandhi que podería abrir negociacións co imperio xaponés, dado que o Reino Unido non recoñecía a liberdade da India. Esta resistencia británica lexitimaba a táctica de Mahatma Gandhi de non se opoñer á entrada dos nipóns en territorio indio. Aqueles «vientos de fronda» na xoia da Coroa foron salvados polos británicos coa detención de Gandhi e Nehru (encerrados no luxoso palacio do Aga Khan) e co abandono xaponés da ruta de Birmania como vía de acceso a China, que podía ser unha ameaza para a rexión de Bengala. O imperio do Xapón estaba a chegar daquela ao punto culminante da súa expansión territorial en Asia e comezaba o seu devalo, sobre todo despois da batalla de Midway, gañada pola frota dos Estados Unidos, «un punto de inflexión en la guerra del Pacífico» (Beevor 2017: 439). O asunto da India non se resolveu daquela, pero sería o primeiro problema colonial que afrontou o Goberno inglés da posguerra, presidido polo laborista Clement Attlee, que de forma un pouco atrapallada concedeu a independencia á India en agosto de 1947, mediando un pesado custo humano de millóns de persoas desprazadas ou mortas e unha división do subcontinente con criterios relixiosos entre hindús (India) e musulmáns (Paquistán, daquela dividido en parte oriental e occidental).

Mentres tanto no Mediterráneo e no continente europeo, especialmente na fronte oriental, continuaba unha guerra que, segundo a consideración do cronista Assía, producía outras noticias. Malia o optimismo do correspondente en Berlín, que situaba xa a Alemaña «con un pie en Asia», o exército soviético continuaba resistindo. As potencias anglosaxoas seguían realizando conferencias e calibrando o momento en que atender a constante petición de Moscova e dos «periódicos de izquierdas» e incluso liberais británicos, solidarios coa «heroica resistencia rusa», para abrir unha segunda fronte que afrouxase a presión alemá sobre Rusia. Porén, as crónicas de Assía mostran que as cousas van lentas («mientras Rusia sucumbe, Londres lucubra») e que os puntos de vista de soviéticos e anglosaxóns son sensiblemente diferentes: «para los rusos, lo que está ahora en juego es todo; para los ingleses es

sólo una fase más de la batalla contra Alemania». Non é estraño que o propio Stalin lle declarase ao correspondente en Moscova da Associated Press, en outubro do ano 1942, que estaba queixoso da escasa axuda recibida dos aliados, «extraordinario documento que ningún periódico [de Londres] ha comentado esta mañana», observa Assía (LV, 25.9 e 7.10.1942). A axuda aliada non era tan escasa como suxire o cronista, pero a táctica de Stalin, sobre todo despois do triunfo en Stalingrado, non fixo senón fortalecerse: flexible no terreo dos principios, era moito máis ríxido na reivindicación das fronteiras e da zona de influencia da URSS na Europa oriental.

Facendo un balance do período bélico desde a caída de Francia ata a entrada en guerra dos Estados Unidos, tomando pé dun libro publicado entón, revela Assía un dato ben sabido: que «los despachos del embajador norteamericano en Inglaterra, Joseph Kennedy, a partir de mayo de 1940», mostraban que «no tenía fe en que Inglaterra pudiera rechazar la invasión» tudesca e que mesmo «los ingleses se podían entregar si se les bombardeaba seriamente» (LV, 10.10.1942). Dous anos máis tarde, outro era o panorama. O cronista non reivindica a predición que fixera de que Inglaterra non se rendería nin aclara cal era o grao de relación persoal que mantivera daquela co embaixador Kennedy, que nalgunha ocasión ten descrito como moi frecuente; en cambio, recorda con precisión que foi daquela —no curso da batalla de Inglaterra— cando comezaron os contactos, «a través del hilo del teléfono», entre Winston Churchill e Franklin D. Roosevelt, para facer fronte conxunta aos ataques da Alemaña nazi. No fin de contas, esta foi unha das razóns esenciais para a vitoria dos aliados sobre o inimigo común. A posición de Inglaterra pasaba de ser unha engra na que batían con ferro e bombas os alemáns a ser o martelo co que se forxaría un novo mundo.

## CONCLUSIÓN

Alén dos asuntos bélicos, a percepción de Assía sobre as mudanzas sociais que provocou a Guerra Mundial centrouse particularmente en Inglaterra, non só como un asunto doméstico senón como un feito mundial que debía ser analizado con perspectiva histórica. As comparacións coa primeira das guerras, en liderados, países e problemas, é asunto que aparece frecuentemente nos seus artigos e crónicas, mesmo antes desta segunda etapa londiniense. Nesta perspectiva, se a

Primeira Guerra trouxera ao primeiro plano da historia a «rebelión de las masas» explicada por Ortega y Gasset, a segunda foi capaz de consolidar, polo menos en Occidente, a política democrática de partidos e de gobernos que deben contar co consentimento dos gobernados. Este era un dos principios básicos das potencias aliadas desde a Carta do Atlántico, que logo se trasladará aos procesos de liberación nacional dos imperios coloniais na posguerra. Esta Segunda Guerra estivo tamén máis atenta ás consecuencias económicas da paz e á organización supranacional da gobernanza do que o fora a primeira, que gastou un exceso de enerxía en tratados de paz, moitas veces punitivos. A Primeira Guerra tamén alumeou unha lexión de intérpretes radicalmente novos da nova sociedade, desde poetas ou pintores ata científicos ou filósofos. Pero Assía advertiu moi cedo unha diferenza substancial coa Primeira, no sentido de que esta Segunda Guerra «no ha producido ningún gran cronista o narrador, no ha descubierto ningún nuevo periodista que capte la imaginación de las muchedumbres y la crónica de un corresponsal suele parecerse a la de otro, pues todas deben estar calcadas sobre la falsilla oficial» (LV, 19.3.1941). Visión pesimista dos primeiros anos da guerra que, tal vez, será matizada polo propio Assía en crónicas posteriores, escritas en Londres, Nova York e Bonn, asunto que haberá que tratar noutra ocasión.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

As citas literarias dos artigos publicados en *La Vanguardia* (LV) van seguidas da data concreta de publicación, que, normalmente, é ao día seguinte de seren cablegrafados.

- ARAÑÓ, Laia / Francesc VILANOVA (2008): *Un mundo en guerra. Crónicas españolas de la Segunda Guerra Mundial (1939-1946)*, Barcelona, Ediciones Destino.
- ASSÍA, Augusto (1943): *Los ingleses en su isla*, Barcelona, Miguel Mateu Editor.
- ASSÍA, Augusto (1944): *Vidas inglesas*, Barcelona, Editorial Aymá.
- ASSÍA, Augusto (1946): *Cuando yunque, yunque*, Barcelona, Ediciones Mercedes.
- ASSÍA, Augusto (1947): *Cuando martillo, martillo*, Barcelona, Ediciones Mercedes.
- BEEVOR, Antony ([2012] 2017): *La Segunda Guerra Mundial*, Barcelona, Pasado y Presente.
- CASTRO, Luis (2020): «Yo daré las consignas». *La prensa y la propaganda en el primer franquismo*. [Prólogo de Paul Preston]. Madrid, Marcial Pons Historia.
- HOARE, Samuel ([1946] 1977): *Embajador ante Franco en misión especial*, Madrid, Sedmay Ediciones.
- JIMÉNEZ TORRES, David (2020): *Nuestro hombre en Londres. Ramiro de Maetzu y las relaciones angloespañolas (1898-1936)*, Madrid, Marcial Pons Historia.
- LARSON, Erik (2020): *Esplendor y vileza*, Barcelona, Ediciones Ariel.
- LÓPEZ ALCÓN, Noemí (2015): *Narrativa y crónicas de guerra*. [Tese de doutoramento]. Murcia, Universidad de Murcia.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel (2007): *Imperios de muerte. La guerra germano-soviética*, Madrid, Alianza editorial.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé Manuel (2016): *Camarada invierno. Experiencia y memoria de la División Azul (1941-1945)*, Barcelona, Crítica.
- PEYRÓ, Ignacio (2015): «Prólogo», en *Cuando yunque, yunque, cuando martillo, martillo*, Barcelona, reedición en Libros del Asteroide.
- POUSA, Xosé Ramón (2010): «Augusto Assía: un liberal polo mundo», en *Xornalistas con opinión. 2. Vinte biografías*, Vigo / Santiago de Compostela, Galaxia / Consello da Cultura Galega, 251-273.
- PRESTON, Paul (1994): *Franco, «Caudillo de España»*, Barcelona, Ediciones Grijalbo.
- VARELA CACHAZA, José (2000): *Augusto Assía. Artículos*, A Coruña, La Voz de Galicia.